



**Os encontros, en sesións de media hora ao longo de cinco xornadas, desenvolveranse a través dunha conexión virtual na plataforma Teams**

## **Compañías líderes en tecnoloxía mostrarán as principais tendencias TIC da man de R**

- *Entre o 13 e o 17 de febreiro, o operador galego celebrará a súa 'II Semana das TIC', na que cinco fabricantes líderes do panorama internacional debullarán as principais tendencias tecnolóxicas e os retos derivados da dixitalización das empresas.*
- *Expertos/as de FORTINET, ARUBA, MICROSOFT, RED HAT e COMMVAULT ofrecerán a súa visión estratéxica en sesións exprés, virtuais, gratuítas e accesibles mediante inscrición previa.*
- *R continúa así acompañando as empresas galegas nos seus procesos de dixitalización para optimizar a súa competitividade en calquera escenario do mundo.*

**Xoves, 9 de febreiro de 2023.-** Dende o vindeiro luns 13 e ata o venres 17 de febreiro, en formato dixital, interactivo e exprés, expertos e expertas de compañías líderes mundiais en tecnoloxía ofrecerán a súa visión estratéxica sobre as principais tendencias TIC e os retos derivados da dixitalización das empresas no marco da “II Semana das tendencias TIC” que organiza R.

As xornadas, divididas en cinco sesións de 30 minutos cada unha, estarán dirixidas cada día por un experto/a dalgunha das compañías tecnolóxicas punteiras no mundo convidadas ao evento; neste caso, FORTINET, ARUBA, MICROSOFT, RED HAT e COMMVAULT que, por esta orde de luns a venres, debullarán as principais tendencias TIC que marcan os novos tempos e presentarán solucións aos retos derivados dos procesos de dixitalización das empresas.

Os/as especialistas ofrecerán a súa visión estratéxica para axudar na toma de decisións e adiantarse aos desafíos máis importantes que será necesario afrontar no sector da TIC ao completo, nun futuro que xa está presente.

As sesións serán gratuítas e accesibles mediante inscrición previa en:  
[II edición – Semana das tendencias TIC R\\_2023](#)

**R** continúa, coa súa “II Semana das Tendencias TIC”, acompañando unha vez máis as empresas galegas nos seus procesos de dixitalización para optimizar a súa competitividade en calquera escenario do mundo.

### **As sesións**

A primeira sesión correrá a cargo de Cristian Bermejo, de **FORTINET**, quen afondará nas claves para garantir a integración da seguridade da *cloud* co posto de traballo.

O martes 14 será a quenda de **ARUBA**. Nesta xornada, Iratxe Macías analizará presente e futuro da tecnoloxía da conectividade na empresa e a axilidade necesaria para adoptar novas capacidades e procesos apoiados na tecnoloxía.

A terceira sesión correrá a cargo de **MICROSOFT**, coa intervención de Manuel García, que afondará na utilización de ferramentas que lles axuden ás empresas a protexerse das ciberamenazas.

**RED HAT**, co experto Alberto Torres, afrontará a xornada do xoves para analizar a novo paradigma do desenvolvemento de aplicacións e como implantar a arquitectura de microservizos.

Por último, o venres 17, a II Semana das TIC concluirá coa quenda de **COMMVAULT**, da man de Sandra Espinoza, que afondará na xestión do dato, un activo estratéxico clave nas compañías neste momento.

Cada unha das sesións finalizará cunha quenda de preguntas na que os participantes poderán conversar cos expertos e as expertas e expor dúbidas e cuestións xurdidas ao longo da intervención.

**Para máis información:** [II edición – Semana das tendencias TIC R\\_2023](#)

**comunicación R**  
[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)  
[R.gal](#)